

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Específico Parte teórica” entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro “Específico Parte práctica” entre os números E56 e E110 da “FOLLA DE RESPPOSTAS”.
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **180 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “FOLLA DE RESPPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a “FOLLA DE RESPPOSTAS”, no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Que diferentes estudos se poden levar a cabo nun coprocultivo?

- A) Estudo bacteriolóxico.
- B) Estudo parasitolóxico.
- C) Exame de oxiúros.
- D) Todas as respostas son correctas.

2. O EPINE fai referencia a:

- A) A prevalencia de infeccións nosocomiais entéricas.
- B) A prevalencia de infeccións nosocomiais externas.
- C) A prevalencia de infeccións nosocomiais en España.
- D) As precaucións universais e de España.

3. Cal non é un enema de retención?

- A) Emoliente.
- B) Opaco.
- C) Evacuante.
- D) Antihelmíntico.

4. Cal dos seguintes factores non afecta á frecuencia respiratoria dunha persoa adulta?

- A) A alimentación.
- B) A idade.
- C) O exercicio físico.
- D) A altitude xeográfica.

5. O lavado xenital feminino:

- A) É indiferente como se realice.
- B) Lavarase en sentido de diante cara atrás.
- C) Lavarase en círculos.
- D) Lavarase en sentido de atrás cara adiante.

6. Cal é a dieta apropiada nun ancián desnutrido e con úlceras por presión?

- A) Dieta branda, pobre en glúcidos e hiposódica.
- B) Dieta hiperproteica, pobre en glúcidos e hipersódica.
- C) Dieta branda, hipercalórica e hiperproteica.
- D) Dieta normal, pobre en sal e hipercalórica.

7. O WORD, como procesador de texto:

- A) Só traballa con letras e números.
- B) Serve para calcular e realizar operacións de cálculo automaticamente.
- C) É unha ferramenta máis de Microsoft Office.
- D) Só permite corrixir textos ao final do documento.

8. Os produtos químicos que iniben o crecemento das bacterias denomínanse:

- A) Antisépticos.
- B) Bactericidas.
- C) Germicidas.
- D) Ningunha resposta é correcta.

9. Que artigo do Capítulo III da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente establece que: Toda persoa ten dereito a que se respecte o carácter confidencial dos datos referentes á súa saúde, e a que ninguén poida acceder a eles sen previa autorización amparada pola lei?

- A) Artigo 11.
- B) Artigo 7.
- C) Artigo 15.
- D) Artigo 5.

10. Que condicións debe ter a habitación dun paciente?

- A) Debe ter luz directa do sol, a ser posible.
- B) Tranquila e sen ruidos.
- C) De fácil ventilación.
- D) Todas as respostas son correctas.

11. Que factores predispoñen ou determinan a aparición de úlceras por presión?

- A) Exóxenos e intrínsecos.
- B) Endóxenos e intrínsecos.
- C) Extrínsecos e intrínsecos.
- D) Extrínsecos e endóxenos.

12. Na RCP básica en adultos. Cal é a secuencia compresión/ventilación recomendada para un só reanimador?

- A) 15/2.
- B) 15/1.
- C) 30/2.
- D) 10/2.

13. Define plano saxital:

- A) O formado polos eixes lonxitudinal e saxital.
- B) O formado polo cruce do eixe transversal e saxital.
- C) A unión do eixe lonxitudinal e transversal.
- D) As respostas A e B son correctas.

14. A rotación ou xiro do antebrazo, que coloca a palma da man cara atrás ou cara abaixo e o dorso cara arriba, denomínase:

- A) Pronación.
- B) Supinación.
- C) Flexión.
- D) As respostas A e C son correctas.

15. Cal das seguintes localizacións dáanos unha medición máis exacta na temperatura corporal?

- A) A axilar.
- B) O recto.
- C) A boca.
- D) A vaxina.

16. A dieta hiperproteica está indicada en caso de:

- A) Anemias.
- B) Queimaduras.
- C) Úlceras por presión.
- D) Todas as respostas son correctas.

17. A eficiencia é:

- A) A cantidade de melloría do estado de saúde dunha poboación cunha práctica determinada.
- B) A relación entre as necesidades dunha poboación e a atención recibida.
- C) A satisfacción do paciente ante unha situación.
- D) A consecución dun nivel de calidade determinado ao menor custo posible.

18. Que método debe utilizarse para a limpeza do instrumental de microcirurxía, oftalmoloxía e en xeral pequenos instrumentos?

- A) Ultrasóns.
- B) Formaldehido.
- C) Glutaraldehido.
- D) As respostas B e C son correctas.

19. Nunha tenda de osíxeno, mantendo un fluxo de 15 litros por minuto, obtéñense concentracións de osíxeno do:

- A) 30%–40%.
- B) 20%–30%.
- C) 50%–60%.
- D) 40%–50%.

20. Unha das características do frío sobre o organismo é:

- A) O seu efecto antihemorráxico.
- B) O seu efecto anestésico.
- C) O seu efecto adstrinxente.
- D) Todas as respostas son correctas.

21. Que mostras non se conservan na neveira antes de envialas ao laboratorio?

- A) LCR.
- B) Hemocultivos.
- C) Exudados.
- D) Ningunha das mostras anteriores se garda en neveira.

22. No proceso de formación de úlceras de decúbito, a isquemia prodúcese despois de ocorrer:

- A) O arroibamento da pel.
- B) A dor.
- C) A presión prolongada da zona.
- D) A ruptura da pel.

23. Cal é o obxectivo fundamental da educación sanitaria?

- A) Aumentar os coñecementos da poboación.
- B) Modificar os comportamentos.
- C) Diminuír a morbilidade.
- D) Aumentar a morbilidade.

24. Respecto aos graos de eficacia das medidas de prevención das infeccións nosocomiais, o emprego de guantes está incluído na categoría:

- A) Grao I, eficacia probada.
- B) Grao II, eficacia lóxica.
- C) Grao III, eficacia dubidosa.
- D) Ningunha resposta é correcta.

25. A franxa de idade que require máis recursos hospitalarios é a comprendida por:

- A) Os adolescentes.
- B) Os primeiros e os últimos anos de vida.
- C) A puberdade.
- D) A idade adulta.

26. Os restos anatómicos humanos de escasa entidade, procedentes de actividades sanitarias pentencen a:

- A) Residuos sanitarios non perigosos clase II a.
- B) Residuos sanitarios non perigosos clase II b.
- C) Residuos sanitarios perigosos clase III.
- D) Residuos sanitarios perigosos clase IV.

27. Das seguintes vacinas, cal está totalmente contraindicada no embarazo?

- A) Polio.
- B) Triple vírica.
- C) Hib.
- D) Gripe.

28. O proceso de formación de úlceras por presión é:

- A) Erosión, vesícula e eritema.
- B) Eritema, vesícula e erosión.
- C) Hiperoxia, erosión e eritema.
- D) Hipoxia, erosión e eritema.

29. A relación coidar–sanar implica o desenvolvemento e a utilización de cualidades como:

- A) Empatía e calidez.
- B) Amor e respecto.
- C) Compañía e comunicación.
- D) Todas son correctas.

30. Cales son os estadios do proceso de morrer?

- A) Período de negación.
- B) Período de aceptación.
- C) Período de depresión.
- D) Todas as respostas son correctas.

31. Cal é a función do Marco de Balkan?

- A) Suxeitar poleas e equipos de tracción.
- B) Suxeitar o trapecio, para que o paciente poida axudarse na súa mobilización.
- C) Suxeitar os soros.
- D) As respostas A e B son correctas.

32. Segundo NAHAS, a clasificación das drogas, en relación coas súas características farmacolóxicas, o tabaco entra dentro de:

- A) Grupo de opiáceos.
- B) Grupo psicoestimulantes maiores.
- C) Grupo de solventes.
- D) Grupo de psicoestimulantes menores.

33. Cales son as características clínicas da demencia?

- A) Deterioro das funcións intelectuais.
- B) Comportamento e afectividade.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Ningunha resposta é correcta.

34. O período prodrómico dunha enfermidade transmisible caracterízase por:

- A) A aparición de síntomas e sinais que definen a enfermidade.
- B) Paciente asintomático, pero acompañado de alteracións nos datos analíticos.
- C) Aparición de sinais inespecíficas de carácter xeral.
- D) A aparición de gran número de persoas infectadas.

35. De que forma podemos aplicar desinfectantes?

- A) Inmersión.
- B) Loción.
- C) Pulverización.
- D) Todas as respostas son correctas.

36. Os residuos de vacinas con axentes vivos ou atenuados, a que clase de residuos pertencen?

- A) Residuos sanitarios perigosos clase II.
- B) Residuos sanitarios perigosos clase III.
- C) Residuos sanitarios perigosos clase IV.
- D) Residuos sanitarios perigosos clase V.

37. Despois da extracción dunha mostra de LCR, en qué posición colocaremos ao paciente?

- A) Decúbito ventral sen almofada.
- B) Decúbito supino sen almofada.
- C) Fowler modificada.
- D) Como o paciente se sinta mais cómodo.

38. Non é unha aplicación de calor seca:

- A) Bolsa de auga quente.
- B) Baño de parafina.
- C) Fomentos.
- D) Quentador eléctrico.

39. O instrumental que permite suxeitar os campos cirúrxicos denomínase:

- A) De sutura.
- B) De talla ou campo.
- C) De hemostasia.
- D) De aprehensión.

40. Que método utilizaremos para esterilizar material de caucho?

- A) Calor seco en estufa Poupinel.
- B) Por óxido de etileno.
- C) Con hipoclorito sódico.
- D) Con ultrasóns.

41. Segundo a regra de Wallace, que porcentaxe da superficie corporal corresponde á extremidade inferior esquerda?

- A) 18%.
- B) 9%.
- C) 36%.
- D) 1%.

42. Cal é un tipo de sonda rectal?

- A) Foley.
- B) Malecot.
- C) Levin.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

43. O Instrumental que oclúe de forma provisoria os vasos sanguíneos chámase:

- A) De hemostasia.
- B) De disección.
- C) De aprehensión.
- D) De exposición.

44. Na hixiene do cordón umbilical. Sinale a resposta correcta:

- A) Realizárase a desinfección con alcol de 96°.
- B) Ao realizar o baño non se debe somerxer.
- C) Manter o cordón limpo e seco en todo momento.
- D) As respostas B e C son correctas.

45. Cando está contraindicado a administración dun enema de limpeza?

- A) Antes dunha exploración radiolóxica.
- B) Obstrución intestinal.
- C) Impactación fecal.
- D) Antes e despois do parto.

46. Cal das seguintes enfermidades mentais é unha neurose?

- A) Esquizofrenia.
- B) Trastorno de conversión.
- C) Trastorno bipolar.
- D) Demencia.

47. Os/as pacientes terminais divídense en:

- A) Adolescentes e adultos/as.
- B) Nenos/as, adolescentes e adultos/as.
- C) Neonatos, lactantes, nenos/as, adolescentes, adultos/as e anciáns/ás.
- D) Adolescentes e anciáns/ás.

48. A finalidade xeral da hixiene busca:

- A) Conservar a integridade da pel.
- B) Estimular a circulación sanguínea.
- C) Mellorar o seu confort e benestar.
- D) Todas as respostas son correctas.

49. Con cal destes síntomas non está indicada a oxigenoterapia?

- A) Ortopnea.
- B) Cianose.
- C) Eupnea.
- D) Disnea.

50. Entre as vantaxes da lactación materna atópanse todas as seguintes excepto:

- A) O leite ten unha temperatura adecuada independentemente do momento da lactación.
- B) Contén anticorpos.
- C) Aumenta a frecuencia de trastornos gastrointestinais.
- D) Diminúe a tendencia á sobrealimentación.

Preguntas de reserva

51. Cal é o trastorno mental no que unha persoa, deliberadamente causa lesión, enfermidade ou trastorno a outra persoa ou a si mesmo?

- A) Síndrome de Reye.
- B) Síndrome de Brugada.
- C) Síndrome de Munchhausen.
- D) Síndrome de Cotard.

52. Cal das seguintes afirmacións non é correcta respecto da toma de temperatura corporal?

- A) Secar a axila do paciente cunha gasa, xa que a humidade falsea o rexistro.
- B) Colocar o bulbo do termómetro na axila do paciente, cruzar o seu antebrazo sobre o tórax e esperar o tempo necesario.
- C) Na boca colócase o bulbo do termómetro debaixo da lingua do paciente.
- D) No caso de que o paciente estea axitado, tomarase a temperatura na boca.

53. Das seguintes drenaxes, cal ten tres luces?

- A) Saratoga.
- B) Jackson-Pratt.
- C) Abramson.
- D) Redón.

54. Cando realizamos unha desinfección concomitante?

- A) Ao alta do paciente ingresado.
- B) Cando o paciente permanece ingresado.
- C) Ao exitus do paciente.
- D) Todas as respostas son correctas.

55. Sinale a resposta falsa respecto ao enfermo terminal:

- A) O/A paciente terminal ten dereito a morrer en paz e con dignidade.
- B) A medida que a enfermidade avanza, empréganse máis medidas curativas.
- C) Os/as nenos/as entre 5 e 7 anos entenden a morte coma un castigo.
- D) A persoa adulta nunca debe verse coma unha persoa illada.

56. Ana ingresa na planta de obstetricia. Qué factores de risco a predispoñen a padecer unha enfermidade nosocomial?

- A) Malnutrición.
- B) Patoloxías de base.
- C) Sondaxe urinaria.
- D) Todos son factores de risco.

57. Raúl Peña está ingresado na planta de pneumoloxía; acode a facer unha radiografía. Dipoñémonos a facerlle a cama nese momento. Que tipo de cama é?

- A) Cama aberta desocupada.
- B) Cama pechada.
- C) Cama aberta ocupada.
- D) Cama aberta vacía.

58. Antes dunha intervención cirúrxica, o técnico en coidados auxiliares de enfermaría debe:

- A) Comprobar o bo funcionamento do material e aparellos.
- B) Comprobar a correcta esterilización do instrumental e material.
- C) Comprobar a iluminación e ventilación.
- D) Todas as respostas son correctas.

59. Se nos atopamos a unha persoa inconsciente cunha otrorraxia. Como o trasladaríamos ao hospital máis próximo?

- A) En posición de seguridade sobre o oído que sangra.
- B) En decúbito supino.
- C) En posición de seguridade e taponamos o oído que sangra.
- D) En posición de seguridade cara ao lado contrario do oído que sangra.

60. Vostede traballa no servizo de Medicina Interna. No lavado dun paciente encamado, observa que a pel se agreta a nivel da epiderme e a derme. En que estadio ou grao encadramos esta úlcera por presión?

- A) Primeiro grao ou estadio.
- B) Segundo grao ou estadio.
- C) Terceiro grao ou estadio.
- D) Cuarto grao ou estadio.

61. Ao paciente da habitación 605 vacíaselle a bolsa de ouriños; ten unha diuresis de 1.500cc. Onde depositas dito residuo?

- A) Contedor ríxido clase III, por ser maior de 100 cc.
- B) No W.C.
- C) Nunha bolsa opaca ben pechada hermeticamente.
- D) Ningunha resposta é correcta.

62. Cando non é posible a lactación materna, recórrase á administración de fórmulas adaptadas para a alimentación do/da lactante. Como actuaría o/a técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría para preparar o biberón?

- A) Lavarse as mans e porse as luvas.
- B) Botar a auga fervida e tépeda no biberón, en función da cantidade de leite que hai que preparar e a idade do neno/a.
- C) Administralo inmediatamente despois de preparalo ou como máximo transcorrida media hora.
- D) Todas as respostas son correctas.

63. Que coidados físicos deben aplicarse no enfermo terminal?

- A) Hixiene, alimentación, eliminación, descanso, sono, alivio de síntomas e procedementos asistenciais de rutina.
- B) Hixiene, procedementos asistenciais de rutina, medicación oral e informar á familia.
- C) Hixiene, medicación oral e informar ao persoal de enfermaría e á familia.
- D) Hixiene, medicación oral, informar ao persoal médico e familia.

64. Paula é unha técnica en coidados auxiliares de enfermaría da planta de Obstetricia. Indícanlle que ten que recoller unha urina de 24 horas a unha paciente para determinar unha proteinuria. Sinale a actuación incorrecta:

- A) Conservar a mostra en frío.
- B) Incluír a primeira micción do día seguinte.
- C) Informar á paciente sobre o procedemento.
- D) Débese incluír a primeira micción da mañá.

65. María traballa como técnico en coidados auxiliares de enfermaría no servizo de Medicina Interna, ten que lavarlle o cabelo a Rosa, unha anciá encamada. En que posición poñerá á paciente para realizar esta tarefa?

- A) Posición de Trendelenburg.
- B) Posición de Sims.
- C) Posición de Litotomía.
- D) Posición de Proetz.

66. No servizo de medicina interna ingresa José Domínguez de 83 anos de idade, procedente da unidade de coidados intensivos, tras permanecer nela durante vinte días. Á hora de facer ás mobilizacións ao/á paciente, o/a técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría:

- A) Non terá en conta o seu nivel de consciencia.
- B) Non intentará que o/a paciente colabore.
- C) Empregará os músculos das coxas e das pernas, evitando os músculos das costas.
- D) Farao sempre con dous/dúas celadores/as ou con dous/dúas técnicos/as en coidados auxiliares de enfermaría.

67. Andrea torceuse un nocello. Cal non será unha actuación correcta pola nosa banda?

- A) Colocar compresas frías.
- B) Repouso e elevación do membro lesionado.
- C) Intentar reducir a torcedura.
- D) Efectuar unha vendaxe de presión.

68. Xoan é un paciente que acode a Urgencias e vostede como técnico en coidados auxiliares de enfermaría observa unha incapacidade para respirar e incremento no esforzo cando está en posición horizontal ou deitado. Que nome recibiría?

- A) Eupnea.
- B) Taquipnea.
- C) Ortopnea.
- D) Respiración estertorosa.

69. Entre as funcións do técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría que traballa na área de psiquiatría, non se atopa:

- A) Coidado a persoas, familiares e comunidade con problemas de saúde mental.
- B) Fomentar o coidado persoal e a saúde, hixiene, alimentación e o exercicio físico.
- C) Realizar intervencións psicoterapéuticas individuais ou en grupo.
- D) Ensinanza de aspectos da saúde mental a outros traballadores.

70. Ao seu cargo atópase Mónica, unha paciente con sonda nasogástrica, que debe saber vostede para administrarlle medicamentos por vía oral?

- A) Colocar á paciente en posición de fowler ou semisentada.
- B) Antes e despois da administración do fármaco, introducir 50 ml de auga.
- C) Manter a sonda pinzada durante unha hora para que se absorba a medicación.
- D) Todas as respostas son correctas.

71. Cando se anota na folla de observacións de Xoán, paciente ingresado en Uroloxía, presenta febrícula. Que cifras de temperatura indican esa situación?

- A) 36–37°C.
- B) 37,1–37,9°C.
- C) 38–38,4°C.
- D) 38,5–39°C.

72. Como protexemos os beizos de Manuel, paciente ingresado con máscara de concentración graduable con oxigenoterapia?

- A) Protexéndoos con crema hidratante.
- B) Illando o beizo da máscara de osíxeno.
- C) Protexéndoos con vaselina.
- D) Protexéndoos con apósitos ou gasas.

73. Xosé ten 89 anos, vive coa súa filla, que traballa mañá e tarde; o seu poder adquisitivo é precario. Xosé padece hipertensión aguda, é insulino dependente; e sofre xordeira que o illa socialmente. Cales son os principais indicadores de malnutrición no ancián?

- A) Alcolismo, síndrome de mala absorción, osteoporose e baixo peso.
- B) Perda de peso de máis de 5 kg, inxesta alimentaria inadecuada, baixo peso/sobrepeso, osteoporose e cambio de estado.
- C) Alcolismo, deterioración cognitiva, síndrome de mala absorción.
- D) Deshidratación, perda de máis de 7 kg, deterioración cognitiva e cambios no hábito intestinal.

74. Un/unha paciente, que se vai operar de apendicite, di que ten sede. Cal é a actuación correcta?

- A) Avisar ao persoal de enfermaría, a ver se se pode aumentar a velocidade do soro.
- B) Darlle un pouco de auga.
- C) Darlle un pouco de zume.
- D) Son correctas as respostas B e C.

75. Traballando na súa quenda, a/o enfermeira/o dille que o médico/a encargado de Xulio, ordena administrar un fármaco vía rectal. Vostede técnico en coidados auxiliares de enfermaría debe saber, se é posible, en que posición se debe colocar ao paciente:

- A) Decúbito supino.
- B) Decúbito prono.
- C) Decúbito lateral esquerdo.
- D) Decúbito lateral dereito.

76. Mario é un neonato, ao que temos que realizarlle o seu baño diario. Indique a técnica incorrecta:

- A) Fregar a pel suavemente para disolver a vérmix caseosa.
- B) Usar un xabón neutro.
- C) Manter unha temperatura ambiente entre os 23°C – 25°C.
- D) Secar a pel mediante unha lixeira presión.

77. Ana ten que asear a Manuel, que debido á súa patoloxía non pode realizalo por si mesmo. En que orde realizarase o baño a Manuel?

- A) Cara, brazos e mans, tórax, abdome, extremidades inferiores, rexión xenital, costas e nádegas.
- B) Brazos e mans, cara, tórax, abdome, extremidades inferiores, costas e nádegas, rexión xenital.
- C) Cara, brazos e mans, tórax, abdome, extremidades inferiores, costas e nádegas, rexión xenital.
- D) Cara, brazos e mans, costas e nádegas, tórax, abdome, extremidades inferiores, rexión xenital.

78. Por que debemos permitir que o/a paciente participe dos seus propios coidados?

- A) Porque así aumenta a súa autoestima e autoimaxe.
- B) Porque o/a paciente sempre o fará mellor que nós.
- C) Porque así nos quita un pouco de traballo.
- D) Ningunha resposta é correcta.

79. Vostede atópase traballando e ordénaselle que lle poña a un paciente aplicacións quentes, para lograr?

- A) Causar anestesia local.
- B) Diminuír o metabolismo celular.
- C) Aumentar a supuración.
- D) Reducir a temperatura.

80. Na planta onde traballamos a supervisora pídenos colaboración para facer un estudo sobre a relación entre o número de infeccións e o número de pacientes de risco expresado en porcentaxe. O estudo fai referencia a:

- A) Incidencia.
- B) Infección.
- C) Prevalencia.
- D) Prevención.

81. Para poñer en marcha os coidados post mortem, é necesario que o/a técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría e o resto do persoal que os leve a cabo, empregue as luvas, bata, máscara e gorro:

- A) Cando a enfermidade do/da paciente fose contaxiosa.
- B) Cada hospital ten o seu propio protocolo.
- C) Sempre.
- D) Cando o indique o persoal médico ou o persoal de enfermaría.

82. Atopámonos ante un aviso de emerxencia na 3º planta do hospital; o accidente pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal e medios de protección da planta. Como clasificamos esta emerxencia?

- A) Conato de emerxencia.
- B) Emerxencia parcial.
- C) Emerxencia xeral.
- D) Ningunha resposta é correcta.

83. Traballando vostede na planta de Oncoloxía, observa que o paciente, non cre que o diagnóstico que se lle corrobora sexa certo. Como se denomina o mecanismo de defensa empregado?

- A) Negación.
- B) Compensación.
- C) Proxección.
- D) Regresión.

84. Se ten que realiza a manobra de Heimlich, a que nos estamos referindo?

- A) Manobra de resucitación.
- B) Manobra de obstrución da vía aérea.
- C) Manobra de diminución da frecuencia cardíaca.
- D) Manobra de desobstrución da vía aérea.

85. Ana acode ao seu centro de saúde. O seu médico recoméndalle, entre outras cousas, autoexplorarse os peitos. Que tipo de prevención sería?

- A) Cuaternaria.
- B) Secundaria.
- C) Terciaria.
- D) Primaria.

86. Edelmiro non pode deixar de comer terra, o seu médico dixólle que ten un trastorno de Pica. Que nome recibe devandito trastorno en relación coa substancia ingerida?

- A) Tricofaxia.
- B) Coprofaxia.
- C) Geofaxia.
- D) Geomelofaxia.

87. Cando un paciente ingresado en Pneumoloxía cun aumento das secrecións bronquiais, observamos que ao respirar emite ruídos roncantes anormais. De que tipo de respiración se trata?

- A) Respiración de Biot.
- B) Respiración estertorosa.
- C) Respiración de Bouchut.
- D) Respiración de Cheyne–Stokes.

88. Como profesional sanitario, vostede debe saber que pode romper o segredo profesional:

- A) Nunca.
- B) Cando declare como testemuña nun xuízo.
- C) Cando haxa perigo para a saúde pública ou estea en xogo a vida de terceiras persoas.
- D) As respostas B e C son correctas.

89. Indalecio acode a unha sesión de diálise. Unha vez finalizado o tratamento, como eliminamos os filtros utilizados?

- A) Como residuos sanitarios non perigosos clase IIa.
- B) Como residuos sanitarios non perigosos clase IIb.
- C) Como residuos sanitarios perigosos clase III.
- D) Como residuos sanitarios perigosos clase IV.

90. Como procedemos a realizar os primeiros auxilios ante unha sospeita dunha hemorraxia interna?. Sinale a resposta incorrecta.

- A) Cubrir cunha manta.
- B) Non dar nunca nada por vía oral.
- C) Facer presión directa sobre a hemorraxia.
- D) Controlar a respiración e o pulso.

91. Fernando sae do quirófano e pasa á sala de reanimación. Onde se coloca o profesional encargado de trasladar ao paciente?

- A) Aos pés da cama, empuxando a cama.
- B) Na cabeceira da cama, empuxando a cama.
- C) Na cabeceira da cama, tirando da cama.
- D) É indiferente o lugar no que se sitúe.

92. Que elementos son imprescindibles para acadar unha boa comunicación co/ca enfermo/a terminal e a súa familia?

- A) Saber escoitar.
- B) Respecto aos xuízos confidenciais e crenzas do/da paciente e familiares.
- C) Ningunha resposta é correcta.
- D) As respostas A e B son correctas.

93. José acode ao servizo de urxencias cunha dor no cuadrante superior do abdome. Que estruturas comprende dito cuadrante?

- A) Epigastrio e hipocondrios.
- B) Vacíos e epigastrio.
- C) Fosas ilíacas e hipocondrios.
- D) As respostas A e B son correctas.

94. No plan de coidados dun paciente con esquizofrenia, entre os obxectivos de enfermaría non se encontra:

- A) Asegurar un medio ambiente de seguridade para o enfermo.
- B) Orientar ao enfermo na realidade.
- C) Avaliar as manifestacións sómicas e tratalas.
- D) Axudar ao enfermo a superar a súa conduta regresiva.

95. Vostede como técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría ten que recoller unha mostra de esputo. Sinale a resposta incorrecta:

- A) Recollerase á primeira hora da mañá.
- B) Pode conservarse a temperatura ambiente.
- C) Débese obter un volume entre 5 e 10 ml.
- D) Débese recoller nun recipiente estéril.

96. Axudamos á enfermeira na sondaxe vesical. Das seguintes accións, cal non debe realizar antes de empezar coa sondaxe?

- A) Proporcionar intimidade ao paciente.
- B) Lavado de mans.
- C) Realizar a hixiene xenital.
- D) Colocarse luvas estériles.

97. Atopámonos no quirófano de traumatoloxía, pídennos unha protese de cadeira. Como se clasifica dito material según a súa perigosidade infectiva?

- A) Crítico.
- B) Semicrítico.
- C) Non crítico.
- D) Ningunha resposta é correcta.

98. A señora Josefa de 65 anos de idade, acode á consulta de cirurxía, remitida polo seu médico de atención primaria, ao presentar falta de apetito, dispepsia, cansazo, sensación de ardor no esófago ao agacharse, dor de estómago e feces moi escuras dende fai un mes. A vostede, que traballa como técnico en coidados auxiliares de enfermaría nesa consulta, o médico dille que prepare á enferma para unha exploración física abdominal. Que é o que non faría?

- A) Explicarlle á enferma que vai ser examinada.
- B) Proporcionar luz suficiente á sala de exploracións, abrindo as cortinas e a xanela, e colocando unha luz auxiliar se non fose suficiente.
- C) Axudar á enferma a desvestirse.
- D) Instalala sobre a padiola de exploracións e cubrila cunha ou dúas sabas, deixando só descuberta a zona a explorar.

99. Con respecto ao/á enfermo/a terminal:

- A) A familia debe participar na medida das súas posibilidades.
- B) Débese explicar a todos os membros da familia os coidados que deben levar a cabo.
- C) As respostas A e B son correctas.
- D) Debemos conseguir resolver os seus problemas persoais.

100. Cal das seguintes medidas non empregaría para previr a aparición dunha úlcera por presión na zona sacra dun paciente encamado no servizo de Medicina Interna?

- A) Control da dieta do paciente encamado.
- B) Férula de arco.
- C) Todas as respostas son correctas.
- D) Ningunha resposta é correcta.

101. Miguel é un paciente alcohólico, que se lle presenta un conxunto de alteracións físicas e psíquicas, que lle aparecen por deixar bruscamente de tomar alcol. Que lle pasa neste momento a Miguel?

- A) Ten un delirium tremens.
- B) Ten síndrome de abstinencia.
- C) Ten dependencia de alcol.
- D) Ten un abuso de alcol.

102. Que actitude debemos ter ante un paciente agonizante?

- A) Procurar que se sinta acompañado.
- B) Atendelo en todas as súas necesidades básicas.
- C) Facer que se sinta axudado.
- D) Todas as respostas son correctas.

103. Debemos esterilizar material no Forno Pasteur a 180°C. Cantos minutos necesita?

- A) 15 minutos.
- B) 30 minutos.
- C) 60 minutos.
- D) 120 minutos.

104. Pedro está ingresado na unidade de Cirurxía. Ten indicado tratamento con calor. Sinala cal das respostas é incorrecta:

- A) Está indicado no tratamento de abscesos, para favorecer a cicatrización.
- B) Está contraindicado en pacientes que toman medicación anticoagulante.
- C) Está indicado para diminuír o peristaltismo.
- D) Está indicado en dores musculares.

105. Xoán é un paciente ingresado con escasa mobilidade. Vostede debe saber que as zonas de maior incidencia de úlceras cando se atopa en decúbito prono son:

- A) Nocellos, xeonllos, costelas e ombreiros.
- B) Dedos do pé, cóbados, costelas e caluga.
- C) Glúteos, cóbados, talóns e caluga.
- D) Dedos do pé, xeonllos, ombreiros e fazulas.

106. Temos que realizar os primeiros auxilios a unha persoa que sufriu unha lipotimia. Como non debemos actuar?

- A) Tumbala en posición antishock.
- B) Afrouxarlle a ropa, para facilitarlle a respiración.
- C) Darlle a beber auga a pequenos grolos.
- D) Levala a un ambiente fresco.

107. Alfredo ingresa na habitación 207 diagnosticado de rubéola. Que illamento necesita?

- A) Cutáneo.
- B) Respiratorio.
- C) Inverso.
- D) Non precisa illamento.

108. Andrés é un paciente psiquiátrico que esta en estado de agresividade, o médico índicanos realizar unha contención mecánica. Cal será o número óptimo de persoas necesarias para levala a cabo?

- A) 3 persoas.
- B) 5 persoas.
- C) 2 persoas.
- D) 7 persoas.

109. Que aspectos teremos en conta na relación cos familiares do paciente?

- A) Reforzar os puntos fortes da familia.
- B) Evitar tópicos e consellos vagos.
- C) Manter á familia informada sobre os coidados que recibe o/a paciente, horarios de información médica, etc.
- D) Todas as respostas son correctas.

110. Procedemos a realizar a hixiene da boca dun enfermo inconsciente. Cal dos seguintes procedementos non é correcto?

- A) Valorar e limpar, lingua, enxivas, dentes e labios.
- B) Se ten prótese dental, limpar e volver colocar na boca.
- C) Colocalo en posición de Fowler coa cabeza de lado, se non hai contraindicación.
- D) Secar ben os beizos e aplicar vaselina.